

EXPEDIENTE 2019/C004/000002- CONTRATACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERRITORIO DO CONSORCIO AS MARIÑAS

ACTA DE VALORACIÓN SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA

Reunidos na sede do Consorcio "A Mariñas", o día 9 de outubro de 2020, ás 10.03 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a valoración do contido do sobre C do contrato DO SERVIZO DE RECOLLIDA, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERRITORIO DO CONSORCIO AS MARIÑAS formada por:

- D. José Antonio Santiso Miramontes, presidente do Consorcio As Mariñas, que actúa como presidente da Mesa de Contratación.
- D. Adrián J. Márquez Caramés, Secretario do Consorcio As Mariñas, que actúa como vogal.
- D. Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Consorcio As Mariñas, que actúa como vogal.
- D. Miguel Sandar Picado, Xerente do Consorcio As Mariñas, como vogal.
- D^a Mercedes Casanova Díaz, Técnica de comunicación e proxectos do Consorcio "As Mariñas", que actúa como Secretaria da Mesa.

A Secretaria procede a dar traslado do Informe Técnico de valoración da oferta técnica, sobre B, de data 7 de outubro de 2020 e asinado por D^a Inés Peleteiro López, Coordinadora de Medio Ambiente do Consorcio As Mariñas, que se achega, e que reflexa os seguintes resultados:

"A puntuación máxima a acadar nestes criterios de valoración da FASE I (criterios non avaliábeis mediante fórmulas) é de 40 puntos, segundo consta no apartado 14.2 do Prego Administrativo deste concurso, e que se amosan na seguinte táboa xunto coa súa valoración numérica:

	SERVIGAL SL
<i>.-Proxecto de explotación que incluírá estudo económico-financieiro da futura explotación do servizo, recursos materiais e persoais: [De 0 ata 20 puntos]</i>	18
<i>.-Sistemas para o control do servizo (Plan para o control da organización, control da asistencia do persoal...). [De 0 ata 10 puntos].</i>	8
<i>.-Plan de revisión e mantemento das instalacións: [De 0 ata 5 puntos]</i>	4
<i>.-Campaña de divulgación, información e publicidade do servizo: [De 0 ata 5 puntos].</i>	2
	32

Procédese a introducir os valores do informe técnico na Plataforma de Contratación do Sector Público.

A continuación procédese á apertura do sobre C que contén a oferta económica do presente contrato, cos seguintes importes (excluídos impostos):

EMPRESA	IMPORTE ANUAL SEN IVE	PUNTUACIÓN
SERVIGAL SL	272.400,00 €	60,00

Dase por concluído o acto público de apertura de proposicións.

Trala valoración das propostas técnica e económica, a puntuación quedan como se establece a continuación:

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACION SOBRE C	TOTAL PUNTUACION
SERVIGAL SL	32	60	92

A Mesa propón ao Presidente do Consorcio As Mariñas a adxudicación do CONTRATO DO SERVIZO DE RECOLLIDA, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERRITORIO DO CONSORCIO AS MARIÑAS (Expediente 2019/C004/000002) á seguinte empresa:

EMPRESA	IMPORTE ANUAL SEN IVE
SERVIGAL SL	272.400,00 €

En Bergondo, sendo as 10.11 horas da data do encabezamento.

O Presidente

A Secretaria da mesa

José Antonio Santiso Miramontes

Mercedes Casanova Díaz